

## ACTA Nº 05/10

### **SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 1 DE FEBREIRO DE 2010**

#### **Asistentes:**

##### CONCELLEIROS:

D. Valentín Piñeiro González.  
D. Arturo González Pérez.  
D. Víctor Manuel Pastoriza Lino.  
D. Daniel Rodas Chapela.  
D.<sup>a</sup> Libertad Cruz Couso

Secretario: Carlos Piñeiro Sarmiento

Na casa do Concello de Moaña, o 1 de febreiro de 2010, reúnen-se as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:05 horas.

#### **1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.**

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local número 03/10, do 18 de xaneiro de 2010, e a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobala.

#### **2.- LICENZAS DE OBRAS**

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinado o informe do técnico e do secretario municipais, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obra, que será efectiva, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circunscrición aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

**2.A) EXPTE. 2/2010 – D.<sup>a</sup> MAXIMINA PÉREZ GERMADE** presenta estudo técnico para conservación de cuberta en vivenda unifamiliar existente na Mingalleira nº 4, do Con, Tirán, redactado polo arquitecto técnico D. José Buceta Amoedo, visado o 15 de xaneiro de 2010.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 28 de xaneiro de 2010, que literalmente di:

**ASUNTO:** PROXECTO DE CONSERVACIÓN DE CUBERTA (OBRA MAIOR)

**INFORME:** **Procede licenza das obras de conservación definidas en proxecto.**

Edificación en situación de fóra de ordenación.

A presente licenza outórgase ao abeiro do disposto no Artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto céntranse na simple conservación da cuberta co mantemento estrutural da mesma salvo reforzos circunstanciais e puntuais conforme se define na memoria construtiva do proxecto debéndose preservar o uso preexistente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

### **Liquidación provisoria de tributos**

Imposto s/construción.....	114,80 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra .....	110,00 €

**2.B) EXPTE. 260/07 – D.<sup>a</sup> MARÍA ELENA COSTAS PARCERO** presenta proxecto básico e execución para vivenda unifamiliar aillada e peches de parcela no lugar da Carrasqueira, parcela nº 2, do barrio do Igrexario-Tirán, redactado polo arquitecto D. David Mahía Castelao, visado o 16.11.07.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 28 de xaneiro de 2010, que literalmente di:

**ASUNTO:** BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA VIVENDA UNIFAMILIAR E CERRAMENTO DE PARCELA

**INFORME TÉCNICO:** **Procede licenza por resultar compatible coa normativa urbanística.**

Proxecto básico e de execución

No expediente consta a acta de replanteo para o sinalamento da alineación, fixación de cesións e fianza subscrita polo arquitecto técnico municipal con data de 6 de novembro de 2009 para ordenanza 2 da NN. SS de Planeamento municipal.

Non require informes sectoriais.

Cédense 27,24M/2, resultado de aplicar a afección do sistema viario sobre a parcela co obxecto de incorporalo a este.

Constitúese fianza por un importe 833,77euros, contía que responde aos gastos de urbanización simultánea a acometer polo petionario.

Superficie da parcela según medición técnica ascende a 309,00 metros cadrados.

No expediente consta o estudo básico de seguridade e saúde.

A eficacia desta licenza condiciónase a ter rematadas as obras de edificación e urbanización simultánea en prazo; para recibir estas últimas polo Concello e facultar a conexión coas infraestruturas correspondentes levaranse a cabo obtendo a licenza de primeira ocupación antes do primeiro uso.

Notas para o informe xurídico:

Á presente licenza aplícaselle o disposto na Lei 9/2002, disposición transitoria primeira 1.b) por ser solo urbano con planeamento aprobado ao abeiro da Lei 11/1985, polo tanto, non adaptado a Lei 1/1997 por reunir as condicións do artigo 12.a) da Lei 9/2002 para a condición de soar.

#### **Liquidación provisoria de tributos**

Imposto s/construción.....	1.502,40 €
Taxas licenza urbanística.....	187,80 €
Cartel de obra .....	110,00 €
Conexións sumidoiros .....	180,00 €

**2.C) EXPTE. 233/09 – D. JOSÉ LUIS GONZÁLEZ RIOBÓ** presenta proxecto de reforma de básico e execución de planta baixa sen dividir e proxecto básico e de execución de adición de planta para vivenda, no barrio de Verdeal-Doamio, redactado polo estudo de arquitectura J.H. ARKMO, visado o 25 de novembro de 2009. Superficie construída adición: 74,97 m<sup>2</sup>; orzamento das obras: 51.459,41 euros.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 28 de xaneiro de 2010, que literalmente di:

**ASUNTO:** BASICO E DE EXECUCIÓN DE REFORMA DE PLANTA BAIXA SEN DIVIDIR E ADICIÓN DE PLANTA PARA VIVENDA.

**INFORME TÉCNICO:** **Procede licenza por resultar compatible coa normativa urbanística.**

Proxecto de execución.

Require informes sectoriais.

No expediente consta autorización administrativa da Deputación Provincial.

Cumpre coas Normas do habitat de Galicia.

No expediente consta a acta de replanteo para o sinalamento da alineación, fixación de cesións e fianza subscrita polo arquitecto tecnico municipal con data de 10 de maio de 2004 para ordenanza 2.

Consta no Expte.: 231/04 como cedido 73,18 metros cadrados e constituída a fianza de 1317,24 euros.

Superficie da parcela según medición técnica ascende a 267 metros cadrados.

No expediente consta o estudo básico de seguridade esaude.

A eficacia desta licenza condiciónase a ter rematadas as obras de edificación e urbanización simultánea en prazo; para recibir estas ultimas polo Concello e facultala conexión coas infraestruturas correspondentes levaranse a cabo obtendo a licenza de primeira ocupación antes do primeiro uso.

Notas para o informe xurídico:

A presente licenza aplícaselle o disposto na Lei 9/2002, disposición transitoria primeira 1.b) por ser solo urbano con planeamento aprobado ao abeiro da Lei 11/1985, polo tanto, non adaptado a Lei 1/1997 por reunir as condicións do artigo 12.a) da Lei 9/2002 para a condición de soar.

#### **Liquidación provisoria de tributos**

Imposto s/construción.....	1.029,19 €
Taxas licenza urbanística.....	128,65 €
Cartel de obra .....	110,00 €

### 3.- LICENZAS DE APERTURA

**3.A) EXPTE. 32/09 – LA SUITTE, C.B. representada por D.<sup>a</sup> Pamela Chapela Cordeiro**, solicita, mediante instancia de entrada no rexistro do Concello o día 19 de outubro de 2009, licenza de apertura para establecer un local de Venda de artigos de regalo na avenida Concepción Arenal, 106 baixo,

Por acordo da Xunta de Goberno Local do 16 de novembro de 2009 outorgóuselle: a) a licenza de actividade; b) a licenza urbanística para as obras de acondicionamento de local; e, c) condicionouse o comezo para exercer a actividade á concesión de licenza de apertura e posta en funcionamento, a cuxa solicitude debía acompañar determinada documentación que sería corroborada polo técnico municipal mediante acta de comprobación,

Vista a acta de comprobación asinada polo arquitecto técnico municipal e polo inspector de obras de data 18 de decembro de 2009, que literalmente di:

Aos efectos da ulterior licenza municipal de apertura e posta en funcionamento da actividade non clasificada destinada a **comercio** cuxo titular resulta ser **LA SUITTE,C.B.** o cal declara a execución das obras de acordo coa licenza urbanística de obras e actividade (Expediente 207/09) outorgada pola xunta de Goberno Local celebrada o día 16 de novembro de 2009, presentado o certificado final de obra do Técnico Director da obra ou instalacións D. José Ponce Yáñez a cal especifique a súa conformidade cos termos desta Licenza, o Arquitecto Técnico Municipal e Inspector de Obras corroboran a adecuación do local levantando a presente Acta de Comprobación.

#### **Liquidación provisoria de tributos**

Licenza municipal de apertura ..... 250 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e de acordo coa acta de comprobación, acorda conceder a **LA SUITTE, C.B.** licenza de apertura e posta de funcionamento da actividade de **VENDA DE ARTIGOS DE REGALO** no local situado na rúa Concepción Arenal, 106 baixo, ao ser conforme á ordenación urbanística aplicable, debendo axustarse no seu exercicio ás condicións, limitacións e medidas correctoras establecidas polos servizos técnicos, de conformidade co disposto no artigo 9 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955.

**3.B) EXPTE. 18/09 – D.<sup>a</sup> MARÍA DOLORES JUNCAL FERNÁNDEZ**, solicita, mediante instancia de entrada no rexistro do Concello o día 17 de xullo de 2009, licenza de apertura para establecer un local de Farmacia no baixo do nº 3 da rúa Daniel Castelao.

Por acordo da Xunta de Goberno Local do 21 de setembro de 2009 outorgóuselle: a) a licenza de actividade; b) a licenza urbanística para as obras de acondicionamento de local; e, c) condicionouse o comezo para exercer a actividade á concesión de licenza de apertura

e posta en funcionamento, a cuxa solicitude debía acompañar determinada documentación que sería corroborada polo técnico municipal mediante acta de comprobación,

Vista a acta de comprobación asinada polo arquitecto técnico municipal e polo inspector de obras de data 29 de decembro de 2009, que literalmente di:

Aos efectos da ulterior licenza municipal de apertura e posta en funcionamento da actividade non clasificada destinada a **farmacia** cuxo titular resulta ser **M<sup>a</sup> DOLORES JUNCAL FERNÁNDEZ**, o cal declara a execución das obras de acordo coa licenza urbanística de obras e actividade (Expediente 143/09) outorgada pola xunta de Goberno Local celebrada o día 21 de setembro de 2009, presentado o certificado final de obra do Técnico Director da obra ou instalacións D. Cristóbal Juncal Rios a cal especifique a súa conformidade cos termos desta Licenza, o Arquitecto Técnico Municipal e Inspector de Obras corroboran a adecuación do local levantando a presente Acta de Comprobación.

### **Liquidación provisoria de tributos**

Licenza municipal de apertura ..... 350 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e de acordo coa acta de comprobación, acorda conceder a **D.<sup>a</sup> MARÍA DOLORES JUNCAL FERNÁNDEZ** licenza de apertura e posta de funcionamento da actividade de FARMACIA no local situado na rúa Daniel Castelao, nº 3 baixo, ao ser conforme á ordenación urbanística aplicable, debendo axustarse no seu exercicio ás condicións, limitacións e medidas correctoras establecidas polos servizos técnicos, de conformidade co disposto no artigo 9 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955.

**3.C) EXPTE. 22/09 – D. JESÚS RODRÍGUEZ COSTAS** solicita, mediante instancia de entrada no rexistro do Concello o día 7 de agosto de 2009, licenza de apertura para establecer unha oficina na rúa Bernardino Graña, edif. Poza da Moura 1 – local 5.

Vista a acta de comprobación asinada polo arquitecto técnico municipal e polo inspector de obras de data 13 de xaneiro de 2010, que literalmente di:

Aos efectos da ulterior licenza municipal de apertura e posta en funcionamento da actividade non clasificada destinada a **OFICINA** cuxo titular resulta ser **D. JESÚS RODRÍGUEZ COSTAS**, o cal declara a execución das obras de acordo coa licenza urbanística de obras e actividade (Expediente 62/09) outorgada pola xunta de Goberno Local celebrada o día 24 de xullo de 2006, presenta a licenza de primeira ocupación outorgada pola xunta de Goberno Local no día 02 de febreiro de 2009, o Arquitecto Técnico Municipal e Inspector de Obras corroboran a adecuación do local levantando a presente Acta de Comprobación.

Visto o informe do aparellador municipal do 27 de xaneiro de 2010 que literalmente di:

APERTURA DE ACTIVIDADE NON CLASIFICADA CON OBRAS DESTINADA A OFICINA.

INFORME: **Procede licenza de apertura** para establecemento comercial destinado a **oficina** a favor de **Jesús Rodríguez Costas**.

Actividade suxeita a licenza de apertura a teor do determinado no Artigo 22 Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.

Licenza de obras e actividade nº 62/06 outorgada en sesión da Xunta de Goberno Local celebrada o día 24 de xullo de 2006.

A ordenación de usos das NN.SS. de Planeamento Municipa para a zona determina a súa compatibilidade.

A licenza urbanística de uso e obras outórgase definitivamente mediante unha única resolución simultánea coa licenza de actividade (artigo 196.2 da Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, reformada pola Lei 15/2004 de 29 de decembro); a licenza de apertura unha vez incorporados ao expediente, con tramitación en peza separada para esta actividade non clasificada, do certificado final de obras do facultativo director das mesmas aos efectos de verificación que os locais e instalacións reúnen as condicións do proxecto, así como a Acta de Comprobación asinada polo Arquitecto Técnico Municipal que queda adxunta ao expediente.

#### **Liquidación provisoria de tributos**

Licenza municipal de apertura ..... 250 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a **D. JESÚS RODRÍGUEZ COSTAS** licenza de apertura para establecemento comercial destinado a OFICINA no local situado na rúa Bernardino Graña, 1 – local 5, ao ser conforme á ordenación urbanística aplicable, debendo axustarse no seu exercicio ás condicións, limitacións e medidas correctoras establecidas polos servizos técnicos, de conformidade co disposto no artigo 9 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955.

#### **4.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZAS DE APERTURA**

##### **4.A) EXPEDIENTE 12/10 – D<sup>a</sup>. SUSANA OTERO BARBOSA**

Vista a instancia presentada o día 18 de xaneiro de 2010 por Dona Susana Otero Barbosa, na que expón que ten intención de rexentar un bar situado no lugar de Abelendo, 70, e achega fotocopia da súa declaración censal simplificada de alta -modelo 037-, fotocopia do seu DNI e do da antiga titular, así como baixa no IAE desta última.

Visto o informe do encargado do negociado de aperturas do día 26 de xaneiro de 2010, que literalmente di:

A petición do Concellal Delegado de Urbanismo, en data do 26.01.10, en relación coa solicitude presentada por Dna. SUSANA OTERO BARBOSA, na data do 18.01.2010, pola que solicita o cambio de titularidade ó seu nome, dunha Licenza de Apertura de CAFE-BAR, sito na rúa Abelendo, nº 70, baixo, pertencente a DNA. MARÍA DEL CARMEN MARTÍNEZ CORDEIRO, teño a ben poñer no seu coñecemento o seguinte:

Que comprobado o Libro de Rexistro de Concesións de Licenzas de Apertura, **consta no mesmo**, Licencia Municipal de CAFÉ-BAR, sito na rúa Abelendo nº 70, baixo, pertencente a Dna. María del Carmen Martínez Cordeiro. **Xunta de Goberno Local de data do 09 de febreiro 2009.**

#### **Liquidación provisoria de tributos**

Cambio de titularidade licenza de apertura ..... 90 €

A Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade das persoas asistentes, o cambio de titularidade da licenza de apertura de CAFÉ-BAR, sito na rúa Abelendo nº 70, pertencente a **D.ª MARÍA DEL CARMEN MARTÍNEZ CORDEIRO**, aprobada pola **Xunta de Goberno Local de data do 09 de febreiro de 2009**, a favor de **DONA SUSANA OTERO BARBOSA**.

#### **4.B) EXPEDIENTE 08/10 – D.ª. MAGDALENA JUNCAL ENTENZA**

Vista a instancia presentada o día 23 de decembro de 2009 por Dona Magdalena Juncal Entenza, na que expón que ten intención de rexentar un bar situado no lugar de Piñeiro, 129, cuxa licenza está expedida a nome de Marbel Morrazo, S.L. e solicita o cambio de titularidade ao seu nome. Achega copia DNI, copia de alta no IAE, fotocopia da licenza municipal, fotocopia da baixa IAE do anterior titular.

Visto o informe do encargado do negociado de aperturas do día 26 de xaneiro de 2010, que literalmente di:

A petición do Concellal Delegado de Urbanismo, en data do 26.01.10, en relación coa solicitude presentada por Dna. MAGDALENA JUNCAL ENTENZA, na data do 23.12.2009, pola que solicita o cambio de titularidade ó seu nome, dunha Licenza de Apertura de CAFE-BAR, sito na rúa Piñeiro, nº 70, baixo, pertencente a D. MARBEL MORRAZO, S.L. teño a ben poñer no seu coñecemento o seguinte:

Que comprobado o Libro de Rexistro de Concesións de Licenzas de Apertura, **consta no mesmo**, Licencia Municipal de CAFÉ-BAR, sito na rúa Piñeiro nº 129, baixo, pertencente a MARBEL MORRAZO, S.L. **Xunta de Goberno Local de data do 13 de agosto 2009.**

#### **Liquidación provisoria de tributos**

Cambio de titularidade licenza de apertura ..... 90 €

A Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade das persoas asistentes, o cambio de titularidade da licenza de apertura de CAFÉ-BAR, sito na rúa Piñeiro nº 129, pertencente a **MARBEL MORRAZO, S.L.**, aprobada pola **Xunta de Goberno**

**Local de data do 13 de agosto de 2009**, a favor de **DONA MAGDALENA JUNCAL ENTENZA**.

## 5.- ENTROIDO 2010

Vista a proposta do concelleiro de Cultura do 27 de xaneiro de 2010, que textualmente di:

A Concellería de Cultura e Ensino solicita se faga a reserva de crédito suficiente para sufragar os gasto do evento “Entroido 2010” que se inclúe dentro da programación anual de actividades.

Tal como se detalla a continuación, este será o desglose en detalle:

Presuposto Entroido 2010.

Concepto	Empresa	Total
Pirotécnia	La Gallega	4.000,00 €
Carpas	Inst. Artísticas Ivan, SL	4.872,00 €
Sonido	Ilproson: Pregón e festival do día 13/2/2010 Sonido e iluminación para festival en Carpa. Pequenentroido Reibón 15e16/2/2010 Concurso de comparsas 20/2/2009 sonido e iluminación en carpa. 14/2/2010Festivais de comparsas Domaio	5.000,00 €
Animacion	Enr2.	2.100,00 €
Trofeos/ Bandeiríns	PIK. Banderíns Mellor canción e Mellor difraz.	197,20 €
Publicidade	Impr. Rías Baixas	284,00 €
Autobuses	B. García	1.675,00 €
Comidas Protección civil	Cafetería Maria	375,00 €
Xerador	Relé	904,80 €
Materias primas Asociación de Mulleres	Eroski center Moaña	1.049,01 €
Conxunto	“Ambar”	464,00 €
CHARANGA	Charanga Air Jalisia	900,00 €
Axudas asociacións	AVV. Verducedo	60,00 €
	AC.Animodo	60,00 €
	AVV. San Martiño	60,00 €
	AVV Arroás	60,00 €
Premio cartel.	Librería O Pontillón	100,00 €
	Total Previsto:	<b>22.161,01 €</b>
Total:		

Así mesmo, solicita se faga o adianto de **2888,01€** para o pago dos gastos máis urxentes, que se xustificarán coas correspondentes facturas. Correspondese co gasto de:

Comidas Protección civil	Cafetería Maria	375,00 €
Materias primas Asociación de	Eroski center Moaña	1.049,01 €

Mulleres		
Conxunto	“Ambar”	464,00 €
CHARANGA	Charanga Air Jalisia	900,00 €
Premio Cartel	Librería O Pontillón	100,00 €

### PROGRAMACIÓN ENTROIDO 2010.

#### SÁBADO 13 DE FEBREIRO:

- Pasarrúas das comparsas polas respectivas parroquias.

- **Hora:** 17:00 **Lugar:** Carpa do paseo marítimo.

- **Pregón:** Nosa Terra en recoñecemento ó seu XXV aniversario.

- Degustación de doces típicos de balde.

- Actuación das Comparsas.

- **Hora:**20:00 **Lugar:** Centro Cultural de Verducedo

Actuación das comparsas. (Organiza AVV Verducedo-Piñeiro).

- **Hora:**23:00. **Lugar:** Carpa do paseo Marítimo.

Festa XXV aniversario da Comparsa Nosa Terra.

- Actuación de:
  - *Dólar Fever*
  - Extraperlo.

#### DOMINGO 14 DE FEBREIRO:

- **Hora:** 12:00. **Lugar:** Adro de San Benito.

- Festival de comparsas de Domaio. (Organiza ACF Charaviscas)

- Actuación de comparsas polo paseo Marítimo.

#### LUNS 15 DE FEBREIRO:

- **Hora:** 16:00-19:30 **Lugar:** Pavillón de Reibón.

- *Pequentroido:* Xogos, música e animación infantil.

#### MARTES 16 DE FEBREIRO:

- **Hora:** 16:00 -19:30**Lugar:** Pavillón de Reibón.

- *Pequentroido*: Xogos, música e animación infantil.
- Concurso de disfraces infantil.
- Entrega de agasallos para todos os participantes.
- **Hora:** 20:30 **Lugar:** Auditorio Centro Cultural Daniel Castelao- Quintela.
- Festival de Comparsas. Actuación das comparsas de Moaña.

#### **VENRES 19 DE FEBREIRO:**

- **Hora:**21:00. **Lugar:** Casa da Cultura San Martiño

-Festival de comparsas. (Organiza AVV. San Martiño)

- **Hora:** 22:30 **Lugar:** Carpa do Porto de Domaio
- “*Festa Entroido de Domaio*” (Organiza AC. Animodo)

#### **SÁBADO 20 DE FEBREIRO:**

- **Hora:** 18:30 **Lugar:** Saída dende o muelle do Con ata praza.
- “*Enterro da Xoubiña*”.
- **Hora:** 20:00 **Lugar:** Adro da Peregrina- A Guía.
- Actuación de Comparsas. (Organiza AVV O Arroás)
- **Hora:** 22:00 **Lugar:** Carpa do Paseo Marítimo
- Festa “*Entroido Xove*”.
  - 22:30 Actuación Grupo *Ámbar*.
  - 23:30-Concurso de comparsas 2010.
  - Actuación *Air Jalisia*.

#### **DOMINGO 21 DE FEBREIRO:**

- **Hora:** 17:00 **Lugar:** Rúa Ramón Cabanillas- Concepción Areal.
- “*Enterro da Sardiña*”.
  - Desfile pasarrúas
  - Queima da Sardiña e espectáculo pirotécnico.
  - Fin do Entroido 2010.

#### **Organiza:**

Concellería de Cultura e Ensino do Concello de Moaña.

Concellería de Deportes e Mocidade do Concello de Moaña  
Concellería de Igualdade e Servizos Sociais do Concello de Moaña.

Colaboran:

Asociación de mulleres de Moaña.

Asociación de comerciantes FECIMO

Asociación sociocultural Enr2.

Librería O Pontillón.

Grúas La Vendimia

Eroski.

Comparsas: *Animodo, Cada un que se safe, Calcarrúas, Foche a Bodeja, Nin chica de Jasto, Nosa Terra, Orquestra Cacharro, Os Combois, Os que Faltaban, Pidechas o Corpo.*

AVV Verducedo-Piñeiro, ACF Charaviscas, AC. Animodo, AVV O Arroás, B.M. Airiños do Morrazo, S.D. Samertolameu. Protección Civil, Policía Local de Moaña.

Centros educativos do Concello de Moaña

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Aprobar o programa do Entroido 2010 e o seu orzamento por importe de 22.161,01 euros, con cargo á partida 3340 22609.

Segundo: Aprobar o pago a xustificar a D. DIEGO M. RIOBÓ MARTÍNEZ por importe de 2.888,01 euros, en concepto de pago a xustificar dos gastos máis urxentes da organización do Entroido 2010, con cargo a partida 3340 22 609.

## **6.- PRÓRROGA DO CONTRATO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS**

Vista a proposta do departamento de persoal do 1 de febreiro de 2010, que di:

Con data 1 de decembro de 2003 contratáronse os servizos de prevención de riscos laborais e vixilancia da saúde con SEGAPREL, rematando o contrato o pasado día 30 de novembro de 2009.

En data 16 de novembro de 2009 prorrogouse por un mes o contrato que actualmente temos con SEGAPREL (Servicio Gallego de Prevención de Riesgos Laborales, S.L.).

Esta Alcaldía diante da oferta presentada pola empresa, PROPON seguir o contrato coa mesma empresa, polo que se achega co expediente a oferta económica.

### Actividades Técnicas

95 traballadores

22 centros

4.725 euros máis IVE

### Actividades Sanitarias

45 euros por traballador (95)

4.275 euros ano.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes acorda aprobar a prórroga por un ano e polos importes que se recollen na proposta á empresa SEGAPREL pola prestación dos servizos de prevención de riscos laborais e vixilancia da saúde.

## **7.- LIQUIDACIÓNS DA TAXA POR UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO SUBSOLO, SOLO E VOO DA VÍA PÚBLICA**

Visto o informe da Tesourería municipal do 29 de xaneiro de 2010, en relación á liquidación da taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público municipal pola declaración relativa aos ingresos brutos presentada pola empresa subministradora. Cableuropa, S.A.U. no que indica:

Consonte ó disposto no artigo 24 do TRLRFL, o importe a liquidar correspóndese co 1,5% dos ingresos brutos procedentes da facturación da empresa que preste os seus servizos no termo municipal correspondente.

Entenderase por ingresos brutos procedentes da facturación aqueles que, sendo imputables a cada entidade, fosen obtidos por aquela como contraprestación polos servizos prestados en cada termo municipal, excluídos os impostos indirectos que os graven e as partidas ou cantidades cobradas por conta de terceiros que non constitúan un ingreso propio da entidade á que se lle aplique este réxime especial de contificación da taxa.

En aplicación do anteriormente exposto, remítese á Xunta de Goberno Local, a liquidación das taxas indicadas a efectos da súa aprobación e notificación ós interesados .

**\*Cableuropa, S.A.U. (CIF A62186556)**

	BASE DA TAXA(euros)	IMPORTE TAXA (euros) BASE*0,015
CUARTO TRIMESTRE 2009	722,62	10,84

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a contía das liquidacións reflectidas no informe da Tesourería, correspondente á taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público local de Cableuropa, S.A.U. por 10,84 euros polos período recollido no informe, e notificarlle o acordo á Recadación municipal para o seu cobro.

## **8.- SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE FIANZA POR INSTALACIÓN DE TERRAZA**

D.<sup>a</sup> Yolanda Santiago Pérez, por escrito con entrada no Concello o día 25 de xaneiro de 2010, expón que durante o ano 2009 instalou unha terraza (Bar Canario) para o que depositou unha fianza e da que solicita a súa devolución.

Visto o informe do inspector-xefe da Policía Local do 27 de xaneiro de 2010, no que indica que fronte o Bar Canario non hai terraza ningunha na vía pública e que non existen desperfectos no lugar onde estivo instalada.

Visto o informe favorable á devolución da tesoureira do día 29 de xaneiro de 2010,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a devolución da fianza depositada para responder polos posibles danos derivados da instalación dunha terraza en dominio público durante o período estival, no Bar Canario, solicitada por D.<sup>a</sup> Yolanda Pérez Santiago, por importe de 200 euros.

## **9.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA: CONEXIÓNS AUGAS E SANEAMENTO**

A vista das solicitudes presentadas, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as que se relación a continuación.

	<b>Servizo</b>	<b>Lugar</b>	<b>Taxas aboadas</b>	<b>Informe favorable</b>
DOLORES ENRIQUETA SANTOMÉ SANTOMÉ	Saneamento, uso doméstico	Isamil, 81	Presenta factura de Espina & Delfin do ano 2002 pola acometida á rede de saneamento	Aqualia Arqut. Téc. Mun.
M <sup>a</sup> PURIFICACIÓN GARCÍA RODRÍGUEZ	Saneamento uso doméstico	Latón, 276 - Meira	Saneamento ..... 180 €	Aqualia Arqut. Téc. Mun.

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 19:05 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario accidental, DOU FE.